

Tres cancións de Manuel María e miñas

AURORA LÓPEZ

Con poemas de Manuel María teño compostas varias cancións, non só polo cariño que sinto por el desde o día en que tiveren a fortuna de coñecelo (en Salamanca, en marzo do ano 1973), senón pola calidade musical da súa poesía. Tense escrito de abondo sobre os poemas de Manuel María como letra de moitas cancións de compositores galegos, e tense dito, quizais con razón, que é o poeta noso máis veces musicado; penso que non é cousa estraña, se temos en conta que cantou a cousas que nós levamos tan no fondo da alma como a terra (Outeiro de Rei, o regato Cepelo, o Miño, Galiza), as xentes (o neno, a muller, o pobre, o emigrante, o labrego), o amor (por Galiza, sempre Galiza, polas xentes, por todas, e sempre sempre por Saleta).

No inmenso poemario de Manuel María, agora recollido case completo nos dous fermosos volumes de Espiral Maior (2000), áchanse sen dificultade centos de poemas para facer fermosas cancións; mais xa antes de saír a *Obra poética completa* eu tiña algunhas cancións feitas con versos seus. No ano 1999, cando fun invitada a participar na fermosa homenaxe que lle fixo a Asociación Cultural Xermolos, que deu orixe a ese libro excelente titulado *Manuel María* (Lugo, 2001), escollín unha canción sobre un poema que non está na *Obra poética completa*, e que fora publicado en 1993 no “Boletín Galego de Literatura”, sen título: era un canto máis, como moitos outros, pero quizais o mellor de todos, de amor a Saleta; púxenlle por título o primeiro verso, “A terra faise en ti”. O Poeta, con esa envexabelmente fermosa letra que tiña, mandoume a autorización para publicar a composición, datada o 14 de

decembro de 1999, que hoxe gardo como un relicario. Esta é a base poética da miña canción, que volvo publicar nestas *Actas*, cos estupendos arranxos que lle puxo a miña amiga Teresa Luján:

A terra faise en ti,
 Saleta, sotileza,
 chama apaixonada
 e transparente,
 levidade de neve,
 torrente e forza
 de seiba poderosa,
 música de vento
 entre abelairas,
 raio máxico de lúa,
 murmurio de regueiro,
 frol de cerdeira
 ou pinga de orballo
 emocionada, tremando
 sobor do pálido rubor
 da rosa namorada.

Cando estaban a darse os primeiros pasos para organizar este “Congreso Manuel María. Literatura e Nación”, a miña querida amiga María Pilar García Negro faloume de participar nel cun pequeno recital, no cal podería ser acompañada polo Grupo de Cámara Moriatov, que tan grande e merecido éxito ten gañado na nosa Terra. Aceptei sen dubidalo nin un momento, e pensei que debería cantar outra vez “A terra faise en ti”, canción da que non vou ocultar que me sinto moi contenta; pensei tamén en cantar, como así fixen, dúas cancións que sei que lle gustaban a Manuel María, as feitas con poemas da súa venerada Rosalía (“Que práticamente brillan”) e do seu queridísimo amigo Xosé María Díaz Castro (“Penélope”), as dúas publicadas e gravadas por min no libro-disco “Saloucos. Quince poetas da Terra Nai” (Vigo, 1999). Pero, ademais, tiña que compoñer algunha nova, en homenaxe a Manuel, en agarimo a Saleta, en agradecemento a cantos homes e mulleres organizaron tan fermoso Congreso: total, que fixen dúas cancións novas.

A primeira corresponde a un soneto, ao meu ver maxistral, do libro *Poemas da labarada estremecida* (1981). A tarefa de facer unha canción con el era doada: por unha banda, xa se sabe que non hai estrutura métrica e poética máis axeitada para unha canción que a dun soneto ben construído; pola outra, o escollido neste caso é unha confesión pública do Poeta do que pensa sobre o amor, co cal pon de manifesto a razón principal de terlle dedicado un espazo tan importante na súa poesía. Velái o fermoso texto, base da melodía sobre a que fixo estupendos arranxos Mijail Moriatov, cos que tiveron a sorte de ser acompañada polo Trío de corda que el mesmo dirixe; de título púxenlle o primeiro verso, como sen dúbida querería Manuel María, agás as dúas verbas finais, “Andando lentamente á choiva”:

Andando lentamente á choiva, ao ar
gastando a vida pouco a pouco:
¡rebéntanos nos beizos un salouco,
no peito sepultamos un cantar!

O noso oficio é só amar, amar, amar,
facer do noso amor ledo relouco,
orballo solermiño e vento louco,
paixón incontrolábel como o mar.

A vida sen amor non ten sentido:
é un ermo baleiro, unha tristura,
un arrepío noxento e corrompido.

De feridas de amor eu vou ferido
pois somentes o amor dura e perdura:
¡nada poden contra el odio e olvido!

A outra canción leva por letra un poema máis profundo, do corazón que se debate entre a escuridade da noite e a claridade da alborada, quizais recollendo un momento melancólico do poeta Manuel María, como moitos do admirábel poemario *Compendio de orballos e incertezas* (1991). Tamén neste caso lle puxen por título o primeiro verso, “Entre o solpor e o mencer”:

Entre o solpor e o mencer
a noite saudades quebra.
Ollo no día unha tebra
e unha luz no anoitecer.

A noite racha saudades
azuis, vermellas e malva,
mentres as cores da alba
florece en claridades.

Non hai corazón que escoite
a voz da alba, tan triste,
pro, pese a todo, resiste,
á escuridade da noite...

A noite toda negrura,
contradicción da alborada:
¡é a colleita lograda
que fai nacer a luz pura!

Los Ogíjares (Granada), 8 de decembro de 2005

A TERRA FAISE EN TI

Letra: Manuel María

Música: Aurora López

Arranxos: Teresa Luján

The musical score is written in a three-staff system (Vocal, Treble, and Bass clefs) with a key signature of one sharp (F#) and a common time signature (C). The piece begins with a piano introduction. The vocal line starts with the lyrics: "A terra faíse en ti. Saíe - ta, sa - ti". The piano accompaniment features a rhythmic pattern of eighth and sixteenth notes. The lyrics continue: "le - za, cha na a pu - ro - ande e Fran - co -". The final line of the score shows the lyrics: "- ne - ne le - vi - la - de de re - ve".

A terra faíse en ti. Saíe - ta, sa - ti
le - za, cha na a pu - ro - ande e Fran - co -
- ne - ne le - vi - la - de de re - ve

al... ..

torren-te e for - sa de se-cha po-ri- to - sa -

Mú-si-ca de ce - sto en-tre abelai - tas

raio máxi-co de lu - a mu-ni-rio de rei-jei - to .

ni

1.ª
 Pôr de cerei - sa ou pinga de or - bullo

2.ª
 e - mo - cio - na - da tre - ma - -ndo

3.ª
 so ber do palido ru - bor da rosa namo ra ...

4.ª
 - da.

Musical notation includes treble and bass clefs, a key signature of one flat (B-flat), and a 2/4 time signature. The piano part features a steady accompaniment with dynamic markings such as *p* (piano) and *pp* (pianissimo). The vocal line includes various note values and rests, with some notes marked with *ni...* or *ni.....*. The score concludes with a double bar line and a *ff* (fortissimo) marking.

ANDANDO LENTAMENTE Á CHOIVA

Andantino

Música: Aurora López
Arraxos: Mijail Moriatov

legato

The musical score is arranged for four instruments: 1st Violin, 2nd Violin, Viola, and Cello/Bass. It consists of four systems of staves. The first system includes a tempo marking 'Andantino' and a performance instruction 'legato' written above the first violin staff. The score is in 3/4 time. The first system covers measures 1 through 8. The second system starts at measure 9 and ends at measure 16. The third system starts at measure 17 and ends at measure 24. The fourth system starts at measure 25 and ends at measure 32. The notation includes various rhythmic values such as eighth and sixteenth notes, rests, and dynamic markings like accents.



System 1 (measures 33-40): This system contains the first eight measures of the piece. It features a vocal line with eighth and sixteenth notes, a piano accompaniment with eighth-note patterns, and a bass line with quarter and eighth notes. The key signature has one flat, and the time signature is 4/4.



System 2 (measures 41-48): This system contains measures 41 through 48. The vocal line continues with eighth and sixteenth notes, and the piano accompaniment features a consistent eighth-note accompaniment. The bass line provides a steady accompaniment with quarter and eighth notes.



System 3 (measures 49-56): This system contains measures 49 through 56. The vocal line has some rests and then resumes with eighth and sixteenth notes. The piano accompaniment and bass line continue their respective patterns.



System 4 (measures 57-64): This system contains measures 57 through 64, ending with a double bar line. The vocal line concludes with a final note, and the piano accompaniment and bass line provide a concluding accompaniment.

ENTRE O SOLPOR E O MENCER

Grave

Música: Aurora López
Arranxos: Mijail Moriatov

The musical score is arranged for four instruments: 1st violin, 2nd violin, Viola, and Cello/Bass. It is written in a key signature of two flats (B-flat and E-flat) and a 3/4 time signature. The tempo is marked 'Grave'. The score is divided into three systems of four staves each. The first system starts with a first ending bracket over measures 1-4. The second system begins with a second ending bracket over measures 5-8, marked with a '2.' and the word 'Pizzicato' above the staff. The third system continues the piece through measures 9-12. The notation includes various note values, rests, and dynamic markings.

Musical score for Aurora López, measures 24-41. The score is written for four staves: Treble 1, Treble 2, Bass 1, and Bass 2. The key signature is one flat (B-flat) and the time signature is 4/4. The score is divided into four systems, each containing five measures. Measure numbers 24, 29, 34, and 41 are indicated at the beginning of their respective systems. The notation includes various rhythmic values (quarter, eighth, and sixteenth notes), rests, and phrasing slurs. The bass line consists of simple quarter and eighth notes, while the treble parts feature more complex rhythmic patterns and melodic lines.